



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS QUE REXERÁN CONTRATACIÓN DO SERVIZO DENOMINADO “ SERVIZO DE DE RECOLLIDA, TRANSPORTE E TRANSFERENCIA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBÁNS DO CONCELLO DE ZAS”, A ADXUDICAR MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO CON VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN ,CON TRAMITACIÓN ORDINARIA E DOCUMENTALMENTE SIMPLIFICADA.

I.- OBXECTO DO CONTRATO

O presente prego de prescricións técnicas ten como finalidade a regulación das condicións no ámbito do obxecto contractual referido no Prego de Cláusulas Administrativas.

O Concello de Zas convoca a contratación dos servizos de recollida, transporte e transferencia dos residuos sólidos urbanos e asimilables xerados no municipio, así como outros servizos comúns que se describen neste Prego.

Cada un destes servizos realizaranse nos termos que se indican nos capítulos sucesivos definíndose cada un deles no ámbito territorial e funcional. Así mesmo, será de aplicación o establecido nos plans de xestión de residuos e normativas vixentes.

A efectos deste Prego, os servizos que se prestarán serán os que aparecen a continuación:


- I.1. Recollida e transporte de Residuos Sólidos Urbanos (RSU)
- I.2. Recollida e transporte de Plásticos Agrícolas
- I.3. Limpeza de contedores
- I.4. Servizos comúns

II.- ÁMBITO DO CONTRATO

a) Ámbito territorial

O ámbito territorial do contrato é todo o termo municipal do Concello de Zas, incluíndo casco urbano e zonas rurais.

b) Ámbito funcional



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

Os servizos que comprende a presente licitación son a recollida, transporte e transferencia dos residuos sólidos urbanos, así coma os servizos comúns necesarios para o desempeño dos anteriores e o control de calidade do servizo que quedan totalmente descritos nos sucesivos capítulos do presente Prego de Prescricións Técnicas.

III.- DEFINICIÓN DO SERVIZO

a) Definición de lixo

A efectos deste prego entenderase como lixo ou residuo sólido urbano:

- Os desperdicios de alimentación e consumo doméstico.
- Os desperdicios asimilables a urbanos de mercados e establecementos comerciais e industriais convenientemente embolsados e depositados dentro dos contedores normalizados instalados ao efecto.
- O po, as follas e, de forma xeral, todos os produtos procedentes da limpeza das vías públicas e dos parques e xardíns, convenientemente embolsados e depositados dentro dos contedores instalados ao efecto.
- O produto da poda das plantas, depositado en bolsas, sempre que o seu volume poida recollese nun recipiente normalizado.
- Desperdicios dos establecementos do ramo da hostalería embolsados e depositados dentro dos contedores instalados ao efecto.
- Os animais mortos que se atopen na vía pública.
- Desperdicios procedentes da limpeza viaria
- Calquera outro análogo

A de xestión de residuos do Concello de Zas ven definido pola separación de:

- Residuos Urbanos Domiciliarios
- Envases lixeiros
- Plásticos agrícolas

b) Servizos

Os servizos obxecto do concurso son os seguinte:

- Recollida de Residuos Sólidos Urbanos debidamente conterizados.
- Outras recollidas selectivas ou diferenciadas:
 - Recollida selectiva de envases lixeiros.
 - Recollida selectiva de plásticos agrícolas.
- Mantemento, lavado e desinfección periódica de contedores.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

- Lavado e limpeza periódica dos lugares de instalación dos contedores.
- Transporte do lixo á planta de transferencia de SOGAMA máis cercana, situada no Concello de Santa Comba e aos centros recicladores, ou calquera outra que se estableza ao longo do contrato.
- Outros servizos comúns.

O servizo de recollida deberá comprender as operacións de recollida de carácter domiciliario, procedente de vivendas, edificios privados ou públicos, comercios, etc. e calquera outros residuos que non estando clasificados coma perigosos se asimilen aos RSU e estean depositado nos contedores e lugares establecidos ao efecto polo Concello de Zas.

IV.- CONDICIÓN XERAIS

Corresponde á empresa adxudicataria a prestación dos servizos contemplados con suxeición estrita ás condicións establecidas neste prego e no de cláusulas administrativas, de tal forma que se cumpra o obxectivo fundamental de recoller todos os residuos adecuadamente, de tal forma que o Concello presente permanentemente un bo estado.


Os Licitadores deberán ter en conta no momento de elaborar as súas propostas toda a lexislación e normativa aplicable a este tipo de servizos.

A adxudicataria deste concurso deberá dispor de todas as licencias e autorizacións que sexan precisas para a prestación do servizo contratado, como pode ser este debidamente inscrita no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia. É dicir, a adxudicataria, ao seu cargo, deberá solicitar e obter cantas licencias e autorizacións sexan precisas para prestar o servizo, así como, realizar cantos estudos sexan necesarios para elo.

Deberá dispoñer dun seguro de responsabilidade civil (RC Explotación e RC Patronal) que cubra posibles danos a terceiros na realización dos traballos contemplados, nos termos indicados no PCAP.

a) Recollida de RSU e envases lixeiros

O servizo de recollida dos colectores consiste na retirada dos residuos depositados nos contedores normalizados que se atopen no itinerario, nos lugares dispostos ao efecto, depositándoos no vehículo colector e revertendo os recipientes no seu lugar de orixe. A adxudicataria ten a obriga de recoller os contedores así como os residuos que se atopen depositados fora dos colectores nas inmediacións dos mesmos. Cada tipo de residuo será depositado no vehículo correspondente e deberá ser



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

transportado ata a planta de transferencia de SOGAMA situada en Santa Comba ou aos centros recicladores, segundo corresponda, ou a calquera outra que se estableza ao longo da duración do contrato.

Os vehículos do servizo situaranse no posible de forma que non obstaculicen o tránsito na vía pública e respectarán a ordenación municipal do tráfico, sen que poidan ser estacionados na vía pública.

Os condutores dos vehículos deberán respectar as normas de circulación e deberán realizar o seu traballo intentado ocasionar as menores molestias ao resto de condutores.

Durante as operacións de manipulación ou traslado dos recipientes con lixo non poderá derramarse ningunha clase de residuo e, no caso de que así ocorrese, a adxudicataria está obrigada a que sexa retirado de forma inmediata, quedando limpos os lugares onde se efectúe a recollida.


Unicamente se permitirá o transvase de lixo dun vehículo a outro no caso de vehículos nodriza que actúen como reforzo dos vehículos satélite que realizan a recollida nos estreitos, esta operación só poderá efectuarse nos lugares previamente autorizados polo Concello. En todo caso, procederase de maneira que non se produzan derrames nin malos olores.

O transporte dos residuos sólidos urbanos á planta de tratamento realizarase no mesmo día da súa recollida, sen que, polo tanto, poidan ser depositados estes residuos noutro lugar.

b) Recipientes e medios de contenerización

Situación e número de contedores do Concello de Zas por lugares:

LUGAR	Cont. Orgánico (nº)	Cont. envases e plásticos (nº)
Zas	61	12
Lamas	8	1
Baio	142	22
Fornelos	19	1
Braña	4	
O Allo	32	
A Cebola	2	
Xerne	2	
Pombal	2	



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

Regalados	2	
Muriño	2	
Gomarís	4	
Vilachán	2	
Penedo	2	
Andragalla	12	1
Bermello	5	
As Pereiras	3	
Daneiro	1	
Castro	1	
San Clemente	20	3
A Pedra (Nantón)	4	
Sobreira	6	
Sisto	12	1
Budián	6	1
Parga	2	
Vilar Ramilo	2	
Quintáns (Sixto)	3	2
Gándara	11	
Vilaestévez	6	1
Carreira	19	2
Teixidón	1	
Mira	6	2
Ventoselo	2	
Vilar do Mato	5	
A Costa	5	
Rial de Baixo	4	
Maxín	1	
Atalaia	1	
Rial de Arriba	10	2
Froxán	1	
San Martiño	3	1
Vila	10	1
Langueirón	8	1
A Lagoa	2	
Pudenza	12	2
Brandomil	10	1
Calabanda	1	
Padreiro	2	
Quintans	1	
Limideiro	8	
Taller Ponciano	1	
Muiño	31	



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

Abellas	7	
Brandofñas	20	
Campos	3	
Churía	2	
Meanos	25	3
Vilar de Lamas	4	
Roma	2	
Rus	6	
Loroño	9	
Romelle	10	1
Edreiras	3	
Quintáns de Vilar	3	
Pazos	2	
Saconde	1	
Vilar	8	
Sandrexo	1	
Artón	6	
Baizana	10	1
San Adrián	16	1
Devesa	2	
O Cotón do Muiño	1	
Pedramaior	9	
Rosende	7	
Follente	4	
TOTAL:	684	63

c) Frecuencias mínimas de recollida

O servizo de recollida efectuarase como mínimo coas seguintes frecuencias:

Luns: lugares de Zas, Lamas, Baio, Fornelos, Cacharosa, O Allo, A Cebola, Xerne, Muriño, Pombal, Regalados, Bermello, Lamas (Igrexa), Gomarís, Vilachán, Penedo, Andragalla.

Martes: lugares de Zas, Baio, As Pereiras, Daneiro, Castro, San Cremenzo, Nantón, Sobreira, Sixto, Budián, Parga, Vilar Ramilo, Quintáns, Gándara, Vilaestévez, Carreira, Pedramaior, Teixidón, Rosende, Mira, Gontalde, Ventoselo, Vilar do Mato, A Costa.

Mércores: Zas, Lamas, Baio, Cacharosa, O Allo, A Costa, Rial de Abaixo, Caberte, Maxín, Atalaia, Rial de Arriba, Froxán, San Martiño, Vila, Langueirón, A Lagoa, Pudenza,



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

Brandomil, Calabanda, Pacheiro, Quintáns, Limideiro, Pecha Padreiro, Taller Ponciano, Tabares.

Xoves: lugares de Zas, Baio, A Toxa, O Vilar, O Couto, Muíño, As Abellas, Currais, Brandoñas, A Xestosa, Campos, Marán, Fonte Espiño, A Santa, Churia, Meanos, Vilar de Lamas, Roma, Rus, Loroño, Romelle, Edreiras, Berbia, A Devesa, San Adrián (arriba).

Venres: lugares de Zas, Lamas, Baio, Cacharosa, O Allo, Quintáns, Pazos, Saconde, Sandrexo, Vilar, Artón, Baizaba, San Adrián (abaixo).

Sábado: lugares de Zas, Baio, Baio pequeno, O Cotón, Pedramaior, Rosende, Follente.

O servizo non se prestará os domingos e días festivos de carácter local, autonómico e estatal, salvo que coincidan dous festivos continuados. De seren o caso, prestarase o servizo o segundo día festivo.

En ningún caso poderán transcorrer mais de 7 días sen recollida do lixo en ningún dos lugares.

En datas especiais de celebración de festas locais de relevancia, o Concello poderá esixir á empresa adxudicataria a prestación de servizos especiais de recollida e transporte, sen maior custo para o concello e aunque sexan en días festivos.

d) Recollida de plásticos agrícolas

A adxudicataria estará obrigada a realizar, previa petición formal do Concello, un mínimo de dúas recollidas anuais dos plásticos agrícolas que se xeren sen cargo algún para o Concello, como indique o Concello de Zas. Este servizo comprenderá as operacións de recollida e transporte ao centro de descarga correspondente, de plásticos de silos agrícolas, invernadoiros e outros plásticos de carácter agrícola, que se atope depositado nos lugares indicados polo Concello de Zas.

O Concello de Zas comunicará ao adxudicatario cunha antelación mínima de 15 días a recollida selectiva de plásticos agrícolas que deberá levar a cabo polas necesidades da poboación usuaria, sendo os lugares de recollida tamén fixados nesa comunicación establecida.

e) Lavado de contedores e lugares de instalación

O lavado e limpeza periódica dos contedores e dos lugares nos que están instalados deberá como mínimo realizarse polo adxudicatario coas seguinte periodicidades:

- Trimestralmente nos lugares de Baio e Zas



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

- Semestralmente nos contedores do resto dos lugares do Concello O Concello de Zas comunicará a adxudicataria cunha antelación mínima dunha semana, as datas nas que deben realizarse estas labores de lavado. Este proceso deberá ser prestado con maquinaria axeitada que garanta a salubridade e seguridade do lavado en todo momento.

V.- PERSOAL

a) **Xeneralidades:**

A adxudicataria disporá do persoal necesario para satisfacer correctamente as esixencias deste prego, debendo cumprir, en todo momento, coa lexislación vixente e co convenio colectivo actualmente en vigor.

A adxudicataria facilitará, sempre que lle sexa requirido polos Servizos Técnicos do Concello, canta información sexa necesaria para comprobar o axeitado cumprimento da normativa legal vixente en materia de persoal

A adxudicataria comprométese a cubrir as baixas que se produzan no persoal que ocupa os postos de traballo por causa de vacacións, enfermidade, accidentes,...etc. sen que repercuta, en ningún caso, nun aumento na compensación económica por parte desta administración.

Será total responsabilidade da adxudicataria axustar as condicións de traballo do persoal ao disposto na lexislación e convenios laborais vixentes. O Concello queda totalmente exenta de responsabilidade nas relacións laborais entre o contratista e o seu persoal.

A adxudicataria responsabilizarase da falta de aseo, decoro, uniformidade, descortesía ou mal trato que o persoal observe, así coma do excesivo ruído ou danos que poidan producirse durante a prestación do servizo.

O Concello de Zas non terá ningunha relación xurídica, laboral ou de calquera outra índole co persoal do Adxudicatario durante a vixencia do contrato nin ao remate do mesmo, sendo por conta de este último, todas as obrigas, indemnizacións e responsabilidades que se deran con ocasión de este Contrato.

En caso de folga do persoal, o Concello comunicará ao Adxudicatario os servizos mínimos que considera necesarios, a fin de cubrir as necesidades do Servizo.

O contratista atenderá a obriga de subrogación do persoal que actualmente presta o servizo. No ANEXO II aparece a relación de persoal a subrogar para a prestación do servizo.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

b) Vestiaros e identificación:

O persoal da contrata irá uniformado e dotado dos medios de protección conforme se fixa na vixente normativa de Seguridade e Hixiene no traballo e convenio de aplicación, tanto os uniformes como os EPIS serán por conta da empresa.

O tipo de uniforme será distinto no inverno e no verán e a cantidade e calidade do vestiario para o persoal non será en ningún caso inferior a dous uniformes anuais, un de inverno e outro de verán; deberá complementarse en tempo de choiva con pezas impermeables de cor ben visible (reflectantes).

O persoal que efectúe o labor de recollida deberá ir provisto de vestiario reflectante homologados co obxecto de que se desenvolvan os labores en condicións de seguridade.

O licitador deberá presentar unha relación detallada das pezas de vestiario, así como do material auxiliar que vai empregar cada operario.

VI.- MATERIAL MÓBIL E MAQUINARIA

No **ANEXO 1** preséntase unha relación da maquinaria existente, que ten a consideración de material cedido en uso.

Os licitadores poderán tomar como referencia para a presentación das súas ofertas a tipoloxía dos vehículos que se reflicten neste Prego.

Todos os vehículos empregaranse única e exclusivamente para realizar os traballos que esixa a prestación dos servizos obxecto deste Prego.

En todo momento o contratista deberá ter en funcionamento a maquinaria e material necesario para proporcionar os servizos, polo que se disporá dos equipos de reserva que se considere oportuno e necesario para a prestación dos servizos obxecto deste prego.

Os gastos de combustible son por conta da empresa adxudicataria

a) Imaxe e identificación

Todos os vehículos que realicen traballos na beirarrúa, disporán da sinalización e sistemas de seguridade obrigatorios. Do mesmo xeito, os operarios adscritos a estes vehículos, contarán cos elementos de protección e seguridade que lles sexan de



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

aplicación. Os vehículos deberán levar identificativo do Servizo de recollida de residuos do Concello de Zas.

En canto aos aspectos relacionados coa imaxe cara o cidadán deberán cumprir:

- A estricta limpeza de todos os equipos.
- Mínimos niveis de ruído e contaminación permitidos.

b) Mantemento da maquinaria e material móbil

A adxudicataria comprometerase á conservación e mantemento de todos os vehículos e maquinaria cedidos polo Concello incluíndo o custo de todo tipo de seguros dende o mesmo momento da recepción de tales medios, sendo á conta da empresa adxudicataria todos os gastos de conservación e mantemento dos vehículos e maquinaria, estando estes en condicións para o seu uso en todo momento.

A adxudicataria deberá seguir a normativa en vigor no respectivo a Inspección Técnica de Vehículos que periodicamente deben ser sometidos os vehículos adscritos ao servizo, sendo por conta da mesma a taxa correspondente a esta inspección. Unha vez se sometan os vehículos a esta inspección a adxudicataria deberá entregar copia do resgardo da mesma no Concello.

Correrá por parte da empresa adxudicataria o mantemento da maquinaria (camións) empregada para o servizo. O contratista garantirá, en todo momento, a prestación do servizo polos seus propios medios para os casos de avarias graves ou accidente dos camións cedidos polo concello, de tal xeito que o servizo non se vexa interrompido en ningún momento. No caso de avarias graves ou accidentes que fagan que a súa reparación sexa economicamente inviable reverterá ao concello.

Procederáse tamén ao lavado dos vehículos coa frecuencia mínima dunha vez á semana

VII.- SERVIZOS COMÚNS

Comprende os servizos técnicos, administrativos, almacéns, control e vixilancia e análogos, que son comúns a totalidade dos servizos que se prestarán.

a) Dirección, vixilancia e control

A adxudicataria deberá contar cunha persoa con experiencia acreditada e suficientemente cualificada que estará a cargo do servizo e manterá contacto co Concello. Dita persoa deberá encontrarse en todo momento localizable e dispoñible.

b) Garaxe-almacén-taller



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

Será obriga do contratista a organización e execución dos traballos de conservación e mantemento para que toda a maquinaria e vehículos existentes se atopen sempre en condicións óptimas de traballo.

VIII.- SISTEMAS DE VIXILANCIA E CONTROL

Os servizos contratados estarán sometidos permanentemente á inspección e vixilancia do Concello, quen poderá realizalas revisións de persoal e material que estime oportunas, en calquera intre e lugar

Mensualmente, a adxudicataria remitirá aos Servizos Técnicos do Concello escrito detallado das toneladas xestionadas no mes anterior, as recicladas e as enviadas a SOGAMA.

Así mesmo, a adxudicataria queda obrigada a preparar cantos informes e estudos relacionados cos servizos obxecto deste contrato lle sexan requiridos polo Concello

IX.- COBRO A VECIÑOS

Queda terminantemente prohibida, tanto á adxudicataria como ao persoal da empresa, a percepción de cantidade algunha da veciñanza pola prestación dos servizos obxecto desta concesión.

X. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

As ofertas dos licitadores valoraranse ata un máximo de 100 puntos, conforme aos criterios obxectivos de adxudicación, que a continuación se indican e coa súa correspondente ponderación:

X.1. CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS:

X.1.1. PREZO OFERTADO Á BAIXA (80 puntos)

Aplicarase a fórmula elaborada pola facultade de matemáticas mediante un programa informático facilitado pola Deputación da Coruña na súa páxina web (<http://www.dicoruna.es/valoracion>)

X.1.2. MAIOR FRECUENCIA LAVADO CONTENEDORES (10 puntos)

Aos efectos de valoración ,o licitador que oferte maior número de limpezas sobre o



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

mínimo establecido nos pregos, conseguirá a máxima puntuación e o resto das ofertas se puntuarán de forma proporcional.


X.1.3. MAIOR FRECUENCIA DE RECOLLIDA DE PLÁSTICOS AGRÍCOLAS (10 puntos)

Aos efectos de valoración, o licitador que oferte maior número de recollidas sobre o mínimo establecido nos pregos, conseguirá a máxima puntuación e o resto das ofertas se puntuarán de forma proporcional.

En Zas, a 17 de setembro de 2017.



Manuel Muño Espasandín.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

ANEXO I: MATERIAIS, MAQUINARIA E EQUIPOS QUE SE CEDEN EN USO

CONTENERIZACIÓN:

Contedores de envases lixeiros: 63

Contedores de orgánico: 684

VEHÍCULOS:

MARCA/ MODELO	MATRÍCULA	Nº CHASIS	TIPOLOXÍA
Nissan M 110.150	C-6848-BK	WDB9506231K947 682	Camión recolector compactador
Mercedes Benz 2528-L	9442DBP	WSKM1116KRA375 132	Camión recolector compactador



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

ANEXO II.- PERSOAL A SUBROGAR, ACTUALMENTE VINCULADO AO SERVIZO

INICIAIS	ANTIGÜIDADE E CAMBIOS NOS CONTRATOS	SALARI O BRUTO	TIPO DE CONTRA TO	XORNADA
SZT	16/03/2006	1455,73 €	Indefinid o	Completa
MOG	01/06/2016	1414,18 €	Eventual	Completa